

U.D. 1: ARQUITECTURA GALEGA

NIVEL: 5º de Primaria

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións

ÁREA: Educación Plástica e Visual

CENTRO: CEIP Plurilingüe Carballal – Cabral

MATERIAIS:

- Material da aula de Plástica: lapis, ceras, rotuladores...
- Materiais para estruturas: cartolinas, escarvantes, depresores...
- Material informático: ordenador con conexión á rede, impresora, cámara de fotos...

OBXECTIVOS :

- Coñecer a diversidade do patrimonio galego para a súa valoración, defensa e difusión.
- Recoñecer e valorar aspectos fundamentais do patrimonio artístico e etnográfico.
- Planificar as propias propostas artísticas a través do traballo en equipo.
- Producir obras propias como forma de expresión creativa de ideas.

CONTIDOS:

- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais diversos.
- Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica.
- Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas da imaxe.
- Planificar e deseñar producións artísticas colectivas traballando de forma cooperativa.
- Experimentar e probar as posibilidades que adoptan as formas e cores.
- Realizar composicións plásticas que representen o contorno e o mundo social.
- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións.

TAREFAS POR SESIÓN.

1ª Sesión: Actividade plástica introdutoria. Coñecemos os hórreos e facemos un inventario de hórreos do noso contorno.

2ª Sesión: A xeometría dos hórreos. Identificamos formas xeométricas nos hórreos.

3ª Sesión: En equipos, construímos un hórreo con corpos xeométricos.

4ª Sesión: En equipos, construímos un hórreo con materiais variados.

Tarefa final: Exposición de hórreos.

ESTADAXE:

- Utilízanse recursos coñecidos en combinación con recursos novos.
- Ofrécense medios e recursos de apoio que se poden consultar en calquera momento.
- Traballo en equipo e apoio entre iguais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Avaliación das tarefas:

- Observación directa. 10% da cualificación final.
- Rúbrica. 90% da cualificación final. A rúbrica servirá para autoavaliarse e coavaliarse. Ademais, na rúbrica haberá un apartado en branco no que eles mesmos valorarán aspectos que consideren importantes do seu traballo.